

# GABRIEL ARESTI: ARBRE E PEDRA

Manuel María

NON PODEMOS escribir o nome de Gabriel Aresti sen paixón e sen dór. Era un mui querido e admirado amigo. As nosas relacións foron breves, sinceras e intensas. Ademáis dos nosos encontros personais, das nosas conferencias telefónicas e dalgúñas cartas cruzadas entre ambos, coído que había entre os dous unha simpatía fonda —unha afinidade eleitiva que diría Goethe— e o mesmo deslumbramento entusiasmado ante a vida. E tamén o noso compromiso total cos nosos povos e con todos os povos oprimidos e marxina-dos do mundo.

O noso primeiro contaito con él foi o envío, pola súa banda, do *Povo e pedra*, que nos entusiasmou e commoveu. Máis tarde, na primaveira do ano 1972, batemos no ferrollo do seu piso obreiro dun barrio bilbaino, triste e feo. Nós viñamos de París. Aresti e Meli convidáronnos a cear a Saleta, a Lois Diéguez e a este servidor. Resultou unha noite inesquencibel, na que falamos de todo e derrochamos a maus cheas soños e ilusiós. Soños que se murcharon moitos deles e ilusiós que morreron cos anos da nosa xuventude. Pouco máis tarde Aresti organizounos unha viaxe por Bilbao e as súas zonas de influencia pra que, en centros culturaiss e en casas de Galiza, recitáramos os nosos propios poemas e faláramos de cultura galega. Aquel periplo rematou con un mau a mau, entre Aresti e o que escribe, no paraninfo da universidade de Deusto, do que xa temos escrito. Noutras ocasións nas que viaxamos a Euskadi convivimos co grande poeta. A derradeira vez que o ollamos foi co gallo dunha intervención nosa na *Casa de Galicia de Bilbao*. Estaban, na estación do ferrocarril, agardándonos, Aresti e o segredario da institución galega. Gabriel Aresti atopábase xa mui maliño. Impresionounos o seu aspecto. Pro, dada a súa idade, non nos alarmou. De volta a Galiza nós caemos no leito e tivemos que gardar cama perante dous meses e medio. Estando doentes un amigo deunos a triste nova polo teléfono: morrera Gabriel Aresti. Quedamos abraidos. Sabíamos da inmensidade da súa perda, do difícil que iba ser o encher o seu valeiro e máis tendo en conta que se achaba na madurez da súa plenitude poética e humana. Ao apagarse a súa voz, faltounos o vento purificador de tanta miseria como a do tempo no que nos tocou vivir, i esmoreceu a grande fogueira que nos iluminaba e aquecía no medio de tanto frío e tanta noite.

Non se coñece impunemente a un home como Gabriel Aresti. A súa persoalidade, poderosa e singular, entrou na nosa vida coa forza dun furacán. Co paso dos anos foi quedando en nós como unha brisa aloumiñante e cantadora que permañece acompañándonos xa pra sempre. A súa pureza e fondura agrándase co tempo e sotilízase nos limbos máxicos da lembranza.

Dende hai anos, amigos mui queridos, tanto vascos como galegos, algúnos deles fraternais, veñénnos insistindo en que escribamos algo encol de Aresti. Nós resistímonos ano tras ano, debido ao noso descoñecemento do euskera. O que podemos dicir da súa poesía é o eco dun eco, atraveso dunha tradución, anque boa parte dela fora feita polo propio Aresti. A porfía dos amigos foi tanta que ún non se puido negar a tan garimosa e teimuda insistencia. Por outra banda debíamoslle esta mínima e, a todas luces, insuficiente e pobre homaxe.

Gabriel Aresti facía honor ao seu nome de arcanxo e ao seu apelido que siñifica Carballo. Eso era él: un ser inocente e puro, un poderoso Carballo que, de súpeto e como por un milagre, pra asombro de todos, se puxera a camiñar. Ollabáselle a súa nobleza, a súa xenerosidade, a súa autenticidade. Autenticidade que o levaba sempre a dicir a verdade, costáralle o que lle costara. Verdade que está na súa poesía como estaba na súa vida de acotío, no seu trato cos amigos, na súa correspondencia. Nas poucas cartas suas que conservamos —algunhas delas perdémolas ou traspapelámolas— fálanos, con toda claridade, dos asuntos que máis o preocupaban. Nunha delas, datada en Bilbao o 29 de maio de 1970, escribíanos:

“Hablando en plata existe una terrible antipatía mutua entre vascos y gallegos. No me meto en analizar las razones en este momento, aunque algún día quizá me meta a hacer un estudio. En estos momentos lo único que te puedo decir es que me duele muchísimo esta situación y que nosotros los intelectuales debemos contribuir en todo y en cada cosa para que desaparezca y que en vez de odios y rencillas, exista mutua colaboración, comprensión y respeto entre ambos pueblos.”

Seguidamente explicábanos que, pró programa de festas do Día da Patria Galega do *Centro Gallego de Baracaldo*, no que fora convidado a colaborar:

“En vez de hacer un articulillo de mala muerte, he preferido hacer unos poemas que aborden el tema abiertamente. El primero sería un mensaje a los gallegos que viven aquí y el segundo lo mismo al pueblo vasco. Naturalmente si quiero que me entiendan había de hacerlos originalmente en castellano... Entonces se me ocurrió hacer un poema para pedirte que tú te dirigieras a ambos pueblos.”

Non podo resistir —e perdoádeme a vaidade— a tentación de transcreber este derradeiro poema:

Mientras exista el pueblo habrá esperanza  
¡Oh! Pueblo noble, obreros, campesinos.  
Poetas no, profetas, adivinos,  
te queremos fortuna y bienandanza.

Ola gigante son, que avanza, avanza.  
Subido en ella, tú conmigo, dinos,  
Manuel María en versos dignos, tinos  
como por ellos romperás tu lanza.

Abiertos a la espuma vela y remos,  
por la paz de los pueblos canta, escribe  
la fe infalible que los dos creemos.

Este par de poetas muere y vive,  
Gabriel de Aresti en el alfoz de Uribe  
y allá, Manuel María, en Val de Lemos.

No libro-programa, editado co gallo do Día da Patria Galega, do *Centro Gallego* de Baracaldo do ano 1970, publicáronse os tres sonetos de Aresti, por certo sen a súa firma, e unhos poemas —cantigas— da nosa autoría. A este libro-programa remetemos aos posibeis interesados neste tema.

Na mesma carta dábanos noticias cabales dos seus traballos e dos seus días:

“Yo sigo con mi labor editorial gastando muchísimas horas sin ganar un céntimo pero, con mis camaradas, haciendo la mejor obra editorial que nunca se ha hecho en euskera. No te mando los libros porque presumo que al estar en euskera no te interesan. Sí te mandaré, sin embargo, el libro de la unificación del euskera, que estoy terminando de imprimir. Cuando te lo mande te explicaré todos los líos que hemos tenido. Te podrá servir como orientación para vuestro caso. Ya sé que vuestra Academia ha dado ya las normas ortográficas. La nuestra es mucho más cemen-terio, que es de cadáveres, y no hace nada. Entonces nos hemos reunido los escritores progresistas y juntamente con las organizaciones de escuelas vascas y los de la campaña de alfabetización de adultos hemos llegado a unha base firme de comienzo de unificación de la lengua, desde las normas ortográficas hasta un diccionario básico pasando por la conjugación y la declinación. En más de un 80% el asunto, para mi desgracia, es obra mía; un 10% me ha sido impuesto contra razón y otro 10% con razón. Puedo calcular que en estos momentos un 35% del pueblo está con nosotros y dentro de 7 años el 90% lo estará. Avance gigantesco cuando hace 7 años solamente estábamos en esta línea, Mirande en París, yo en Bilbao y Krutwig en el exilio rojo.”

A verdade é que non nos remeteu o anunciado *Libro da Unificación do Euskera*. E sentímolos ben.

Nos nosos días de convivencia con Aresti nas nosas viaxes a Euskadi poidemos decatarnos de que o poeta estaba mui a defensiva do medio que o arroteaba. Falando con diversas xentes comprobamos que había bastantes reticencias, máis que contra a súa poesía, contra a súa persoa. Tamén tiña un grupo de fieis incondicionais, entre os que se atopaba, entre outros, Agustín Ibarrola, que ilustrara algún dos seus libros. Noutra carta, datada o 4 de agosto de 1969, decíanos:

“Yo cada vez estoy más vago; hace muchísimo tiempo que no hablo ni recito en público —pues los líos que después se organizan me ponen muy nervioso y he tenido que cortar. La última charla que di, precisamente en un teatro de aquí de Bilbao, terminó en tumulto y me he prometido no aparecer más en público. Sólo hice un programa para Ateneo de la 2.<sup>a</sup> cadena, que afortunadamente pasó sin pena ni gloria, y ello prácticamente violentado por los amigos.

La última vez que he recitado en público fue hace un par de semanas en un funeral popular (misas autorizadas por Roma para Euskadi en que sólo

interviene el pueblo). Yo no soy cristiano, pero el funeral era por uno de nuestros más queridos muchachos, que se mató llevando mi coche, creí mi obligación expresar públicamente mi dolor. Hemos tenido con él una terrible pérdida, pues era el director de la campaña de alfabetización.

También he dejado de participar en jurados de literatura culta y popular por los disgustos que me han traído. Algún día te contaré de nuestras peripecias de pueblo en pueblo. Únicamente guardo buenos recuerdos del Centro Gallego de Baracaldo...”

Máis adiante continúa con esta arrepiante confesión:

“Por lo demás aquí seguimos. Es doloroso “seguir”, sobre todo en nuestras condiciones vascas. Ya apenas queda nadie alrededor, sólo los inútiles y los dañosos, ya que de los otros, o nos los matan en las carreteras, o nos los encierran en las cárceles, o tienen que salir por patas de estas dos joyas que llamamos Francia y España...”

A unificación do idioma foi unha teima pra Aresti. Na mesma carta dítenos e, mesmo, nos aconsella:

“Una cosa que teneis que hacer vosotros en otro orden de cosas es llegar a la unificación literaria de vuestra lengua, cosa que consiguieron hace muchos años los catalanes y que estamos a punto de conseguir nosotros. En estos últimos tiempos dedico toda mi actividad en labores filológicas, particularmente en la conjugación que es un mare-magnum del carajo, complicadísimo, pues para las seis flexiones castellanas “he-has-ha-hemos-habéis-han” en euskera existen 515. ¿Te imaginas qué clase de filólogo hará un mal poeta? Pues no hay más remedio. Considero el quehacer más importante de la generación vasca a la que pertenezco.

Recibe un fuerte abrazo. Algún día aterizaré por Monforte de Lemos.”

O seu desexo de vir a Galiza, espresado, en varias ocasións, ao que esto escribe, e de pasar unhas días en Monforte de Lemos non se puido cumprir. Gustaríanos percorrer Galiza na compañía de Gabriel Aresti. Ademais de ollar a paisaxe e visitar cidades, sería un gozo pra nós levalo polas vellas tabernas que ún coñece. Aresti, tan vital e tan humano, habíao de pasar ben. Estamos seguros. Un dos seus grandes gozos era falar cos amigos en algún bar das *Sete Calles* de Bilbao e acompañar ao rioja habitual e case sacramental, cunha ración de língoa á cazola, en salsa de tomate, da que era mui parcial.

Según escribeu Jon Kortazar, no número 22 da revista catalana *Reduccions*, nun especial adicado a poesía vasca contemporánea, publicada en xunio de 1984:

“Aresti ocupa o lugar do grande patriarca da poesía vasca moderna. A súa obra é, en profundidade e en cantidade, unha das máis importantes da nosa historia literaria e, asimesmo, a súa contribución ao movemento cultural é incommensurable. Aresti érguese como unha figura e a súa presenza é imprescindible pra comprender a situación aitual do noso País. Apostrofado por unhas e outros (os nacionalistas acusárono de españolista pola súa adscripción marxista: un membro prominente da administración socialista cuio nome non vale a pena lembrar, tildouno, en troques, de nacionalista burgués), a obra de Gabriel Aresti hase de entender á veira da súa personalidade e da súa aición cultural, ou dentro de aquelas.”

DOS DERRADEIROS anos dos cincuenta deica aos setenta, máis ou menos, e contando por derriba que é como se cubicaban as arbres, en toda a península ibérica cultivouse intensamente unha poesía de compromiso co home e coa liberdade, que os entendidos alcumaron de social, como se toda poesía non o fose.

Esta poesía naceu, en boa medida, como reacción aos réximes totalitarios de Franco e Oliveira Salazar mais a súa temática e a súa forma eran mui amplas. Entendemos que todo canto o home pode vivir e maxinar é materia poética a priori. Intentar discriminar entre *materia poética* e *materia non poética*, coidamos que é un intento de limitar a Poesía e, polo tanto, empobrecela. Algo así como poñerlle cancelas ao aire. Unha poesía de tema político, poñamos por caso, é tan válida como unha de tema amoroso ou paisaxístico. Hai moitas persoas dispostas a dar a súa vida polos seus ideais políticos e non está disposta a dala pola paisaxe cotidiana ou pola *puriña* de turno, que non sabemos como pode soportar tanta faramalla retórica, tanto almibre con mel. A Poesía —con maiúscula— ten os seus modos e as súas modas. E está condicionada polos movementos políticos, sociais, ideolóxicos e manipulada polos medios de comunicación, que a teñen ben marxinalada. Os medios de comunicación danlle o seu apoio ao que lles convén, independente de súa calidade. Todo isto ven a tonto xa que a poesía escrita naqueles anos oxe sofre un forte descreto por parte das xentes que están ao “derradeiro berro” ou, se se prefere, na antederradeira “movida”. Houbo poetas, pertencentes a aquela época, que chegaron a unha “inmensa maioría”, por decilo de algún xeito. Todos eles tiñan unha aitude común e unha persoalidade mui acusada. Os nomes máis sinificativos de estas tendencias son, en Cataluña, Salvador Espriu; en Portugal, Manuel Alegre; na área da cultura castelán, dous vascos de nación e españois de cultura, que non cultivaron o idioma propio, pese a ser os dous vasco-falantes, o que é ben curioso: Gabriel Celaya e Blas de Otero, por certo padriño de unha das Ellas de Aresti. En Galicia o poeta representativo de estas tendencias foi Celso Emilio Ferreiro i en Euskadi, Gabriel Aresti. A estes poetas utilizáronos os cantores e os seus poemas, ao ser cantados, chegaron a un grande público. Poetas que, por outra banda, coincidían na súa vontade —mesmo Espriu, o máis inteleitual de todos eles e un dos máis herméticos— de incidir nas xentes do común. Coidamos que a súa obra se espallou grandemente, na medida en que se pode chegar a xente nesta Iberia dos nosos pecados e das nosas mágoas.

Gabriel Aresti conoía e valoraba enormemente a obra poética de Espriu, de Celaya e de Blas de Otero, co que tivo unhas relacións fraternais. Non leeu a Manuel Alegre nen a Celso Emilio Ferreiro, ou se o leeu foi mui tardiamente. A razón que nos deu é que él estaba a escribir unha serie de libros encol da *pedra* —*Pedra e povo, A pedra vasca, Este povo de pedra...*— e Celso Emilio Ferreiro tiña publicado un libro con un título que o desasosegaba: *Longa noite de pedra*. No ano 1955 xa o poeta portugués Luis Veiga Leitão publicara o seu *Noite de pedru*. Cecáis sexa curioso sinalar que o título de Celso Emilio Ferreiro se deba a cadea que sufriu o poeta, nos primeiros tempos da guerra civil, no mosteiro da súa Celanova natal, habilitado pra prisión en aquelas datas. O *Noite de pedra*, de Veiga Leitá é froito da súa esperiencia na cadea de Caixas baixo o réxime salazarista. Chama poderosamente a atención que tres poetas, que coinciden no tempo, coincidan tamén, posiblemente sen saber

unhos dos outros, nos tiduos dos seus libros. E que usen a *pedra* como símbolo de dureza, firmeza, resistencia e tamén de negrura e opresión, ademais de outros significados que poidan ter. E que eses poetas perteñezan, máis ou menos, ao norde peninsular. A súa poesía respastaba as fondas e urxentes necesidades da súa época. Os tres eran homes lideles a liberdade e solidarios cos seus semellantes. O seu canto ergueuse insobornabel, ceibe e fermoso no tempo menestero que lles tocou viver, pra decilo cunha espresión de Hölderlin.

A IMPORTANCIA de Gabriel Aresti na literatura vasca está oxe fora de toda discusión. Polo que escriberon os especialistas sabemos que furo unha renovación total da lingoaxe poética, deixándoa útil pra poder escribir unha poesía á outura do noso tempo. A poesía vasca, denantes de Aresti, polo que sabemos, estaba ancorada nunhas formas mui rixidas, mesmo arcaicas e anacrónicas e metida nunha temática *bucólica* —non gustamos da denominación *ruralista*— o que era unha contradición fonda cun país fortemente industrializado, dende había muito tempo. Houbo antecedentes e precursores, algunhos de importancia. Mais foi Gabriel Aresti quen deu o paso decisivo. A súa palabra e a súa mensaxe fureron a luz. E a poesía vasca despóis de Aresti modernizouse, saíu do pozo no que estaba metida cara a luz do noso tempo. Con todo hai que considerar que Aresti estaba mui ligado a tradición e, na súa poesía, pódese esculcar as pegadas dos primitivos. A poesía euskera tradicional, cunha enorme carga de catolicismo —non escribemos *relixiosidade* nen *cristianismo*— foi asumida por Aresti. Nunha carta que nos escribeu e que poseemos afirmou rotundamente: “*Eu non son cristiano...*”. Mais nos seus versos a presenza de Cristo, da Virxe e dos apóstoles ten unha enorme importancia e o seu estudo daríanos, sen dúbida de ningunha clase, unha enorme solpresa. Valería a pena facer unha esculca neste senso.

Posiblemente o marxismo arestiano ten unha enorme carga de cristianismo de sorte que o seu pensamento non sería nen cristiano nen marxista no senso ortodoso. Atopariámonos cun pensamento persoalísimo, exclusivo de Gabriel Aresti, de alicerces cristianos e marxistas, baseado, máis que na razón, na intuición, no sentimento e na paixón. O clarexamento do seu pensamento cumpría facelo a través de toda a súa obra e non somentes da poética. Sospeitamos que nos atopariámos cun francotirador, cun axitador, mui dentro da máis nidia tradición literaria e sentimental do povo vasco.

Compre considerar que Aresti asumiu o seu vasquismo dun xeito lento e, seguramente, doloroso e traumático. Procedía dunha familia castelán falante. Fixo a recuperación do euskera case pola súa coma e nun ámeto non demasiado propicio. Javier de Atienza, no prólogo que escribeu pra versión bilingüe de *Maldan behera e Harri eta herri*, publicada por *Cátedra* no 1979, plantexa as razóns polas que Aresti escolleu o euskera:

“¿Oportunismo?, ¿actitud científica?, ¿deseo consciente de elevar el nivel de un euskera fraccionado y pobre y, para colmo, oprimido? Quizá un poco de todo. Hay dos cosas claras: su pobreza expresiva en castellano y su vocación creadora innegable.”

Coidamos que cando, como no caso de Aresti, se escolle un idioma minoritario e oprimido, hai sempre unha poderosa razón de amor pola xente que fala esa língoa, que é señal de identidade máis fonda e singular dun povo. Unha língoa é sempre o xeito de espresión dunha cultura, máis ou menos

desenrolada —pois non hai culturas superiores nen inferiores— que non poderá ter expresión, no senso máis fondo, noutra lingoa. Servidor desconfía de eses vascos, catalás ou galegos que non ceden diante de ninguén o seu vasquismo, o seu catalanismo ou o seu galeguismo pro espresado... ¡en castelán!. O seu seudopatriotismo é unha cortina de fumo pra intentar agachar e xustificar a súa mala conciencia. Un povo, como nos enséña Xosé Manuel Beiras Torrado, precisa o seu idioma, non só pra espresar a súa cultura, senón tamén pra facer o seu desenrolo económico. Unha economía desenrolada en lingoa allea é sempre dependente e domesticada. Aínda que isto non quere dicir que non o poida ser a feita na lingoa propia. O oportunismo está, precisamente, en escoller a lingoa dominante na que o escritor ten, ao menos teóricamente i en principio, un número superior de lectores e na que poderá contar co apoio do poder establecido.

E mui corrente o intentar explicar as literaturas vasca, galega ou catalana como un apéndice residual da literatura castelán ou como produtos tardíos das esolas literarias que se van sucedendo ao longo do tempo. E non. As literaturas das lingoas minoritarias, e mesmo marxínadas e asoballadas, teñen unha dinámica propia e só a través desa dinámica poden ser comprendidas e explicadas na súa dimensión máis transcendente. As escolas ou movementos literarios en cada lingoa adquiren unhas características diferenciadas, das que, en boa parte, a propia lingoa é determinante. Esta variedade é, precisamente, o que enriquece a literatura. Gabriel Aresti era mui consciente do que deixamos espuesto. Escrebeu a súa obra partindo da tradición cultural do seu propio povo, cos ollos e a sensibilidade abertos a realidade máis fonda do seu entorno e ao que estaba acontecendo no mundo. A súa poesía resultou ser un cume da poesía euskera e, polo tanto, da Poesía sen máis.

É mui sinificativo que Gabriel Aresti publicara os seus primeiros versos na revista *Euzko Gogoa*, editada en Guatemala. Dende o comenzo da súa carreira de escritor escolleu o esilio no que permanecería deica a súa morte. Referímonos non só ao esilio da súa obra, senón tamén do seu forzoso “esilio interior”, pese a vivir en Euskadi. Os anacos de cartas suas que publicamos neste traballo son boa testemuña do que afirmamos. A súa autenticidade levouno a proclamar sempre a verdade, contra todo e contra todos e ao precio que fora:

Sempre direi  
a verdade.  
Da miña boca non sairá palabra  
que non sexa verdade.  
Rompéranme os beizos,  
caéranme os dentes,  
cortáranme a lingoa  
mais  
eu  
nunca  
mentirei.

A verdade e a defensa da verdade están mui presentes en todo canto escribeu: é unha teima constante da que semella non poder librarse. Muitos dos seus poemas, nos que fala da verdade, son berros incontibéis xurdidos do máis fondo do seu ser.



Non resistimos a tentación de reproducir enteiro un poema sobre a verdade, exemplar e fermosísimo:

Se por dicer unha verdade  
me han de matar  
as fillas,  
han de violarme  
a muller,  
han de derrubar  
a casa  
onde vivo.  
Se por dicer unha verdade  
me han de cortar  
a mau  
con que  
escrebo,  
a língoa  
coa que  
canto.  
Se por dicer unha verdade  
han de borrar  
O meu nome  
das páxinas  
áureas  
da literatura vasca;  
en ningún momento,  
de ningún xeito,  
en ningún lugar  
poderei  
calarme.

Unha obra de Gabriel Aresti que sempre nos chamou poderosísimamente a atención é *Maldan behera*. Foi premiada pola Academia Vasca en 1959, o que lle deu ao poeta unha certa nombradía, entre as élites inteleituais. Non coñecemos nada semellante nas literaturas aituais. Son vinte e unha composicións, que fan perto de dous mil versos. Trátase dun logo poema unitario, con argumento. Jon Kortazar explica perfectamente o seu contido:

“Baseándose en Nietzsche, Aresti simboliza en *Maldan behera* a viaxe dun home pra siñificar, en opinión de Sarasola, non somentes o mito do superhome, identificado en ocasións con Cristo, senón por facer do poema un relato simbólico da marcha do home diante da Civilización. Noutro nivel de lectura, o poema representa unha homaxe a lírica vasca. Ollémolo con exemplos: catre seicións básicas do poema levan o nome de catre poetas: Hariztia, Lizardia, Iratzeta, Loramendia. O segundo e o cuarto pertencen a xeración de preguerra. O primeiro representa ao mesmo Aresti e o terceiro a Iratzer. Cada poeta, pola súa banda, representa unha etapa dentro da historia da humanidade: Hariztia a etapa prehumana, Lizardi a prehistoria, Iratzeta a época dos pastores e Loramendia o nacemento da sociedade.

A siñificación do poema non se esgota con estas leituras. É importante sinalar que se Mirande representa a ironía, Aresti, con este poema, espresa a súa fe no tempo lineal, no progreso, na existencia da utopía.

Este libro hermético e complexo só tería unha sona reducida. A crítica

sostivo que foi este fracaso (relativo) o que levaría ao poeta a replantexarse a súa función dentro da sociedade e o pasar a poesía social, de masas, dende esta poesía minoritaria e simbolista. Soster que o despeito ou unha egolatría insana poidera ser o fundamento deste troque tan radical constituí, sen máis, unha visión parcial e inxusta do poeta.”

Este singular poema de Aresti ten, ao noso xuicio, un indudabel parentesco coa *Divina Comedia* de Dante. Ambas obras son dous poemas perfectamente estruturados e complexos, de extraordinario alento poético, dun simbolismo riquísimo, anque desemeillante en ambas obras que, por outra banda, teñen en común a intención de abranguer a humanidade en toda a súa complexa variedade. O que acontece é que entre ambos poemas median varios séculos. Os dous poetas están presentes nas súas respectivas obras: Dante co seu nome na *Divina Comedia* e Aresti, baixo o nome de Xohán, en *Maldan behera*. Se Beatriz cumpre un papel esencial na obra do florentino, Meli —o grande amor de Aresti— cumpre en *Maldan Behera*, baixo o nome de María. A riqueza simbólica do poema arestiano é impresioante. Non só se retire a vida material, senón tamén a chamada tradicionalmente vida espiritual. Neste senso é esclarecedora a composición XI, titulada *Requiem*, que narra como a alma fuxe do carpo e como éste se corrompe:

A miña alma voando  
acada o ceo.  
Na terra corrompéndose  
xace o meu carpo.

O meu corazón xa non alberga  
O furor que vivía nél.  
Atópome oco como  
a ola dos xitanos,  
como o mercado no que venden  
a precios fabulosos  
os diamantes.  
Na terra corrompéndose  
xace o meu carpo.

No fondo do poema subxace unha paisaxe idílica, en contraste coa paisaxe bilbaina que viviu o poeta. Aresti, cun indudabel fondo de paisaxe campes-tre vasca, crea unha paisaxe poética de beleza paradisíaca:

As belidas rosas, os lirios, os caraveis,  
as orquídeas, gardenias e begonias...  
Ollanse no xardín fermosas frores,  
o meu olfato embebédase docemente;  
endexamáis así gocei deste sentido  
e oxe nada quero que non sexa esto.

¿Non queda espresado, nestes versos, un sentido hedonista da vida, fondamente esaltado polos homes do Renacemento? ¿Non semella a aitude de Aresti a do Maragall do *Cant espiritual*?. A muller, no poema María e na realidade Meli, é concebida e cantada como feita de terra e de natureza, o que nos leva a cavilar nunha entidade muller=terra. O canto de amor, sumisión e deslumbramento, como no Dante, que lle adica a muller terra, é un fermosísimo despliegue de imaxes que nos fai lembrar, asimesmo, o *Cantar dos Cantares*:

Gustei o mel  
daquel monte florido que eu amaba.  
Pousei  
os meus beizos  
na sua rosa.  
Mui axiña aprendín  
a gustar longamente  
daquel aroma.  
Gustei o mel  
daquel monte florido que eu amaba.

Fácendome dono  
daquel xardín amado  
e estendendo  
as miñas azas  
no aire  
sen demora  
orienteime  
camino  
dos povos.  
Facéndome dono  
daquel xardín amado.

En *Maldan behera*, Gabriel Aresti móstrase como un poeta dono dun mundo complexo, rico e singular. É unha poesía dun fondo lirismo, dun simbolismo muy complexo, unha voz profética que aspira a ser a voz da coleitividade. Eiquí a poesía non é unicamente *canto y cuento*, como decía Antonio Machado: é revelación do arcano e do misterio, tremor e temor humano, esencia de universalidade. En ocasións, o canto demórase como o paso dun río por unha chaira. Noutras faise berro incontible, urxente. E aínda hai intres nos que a sua voz se adelgaza como o chía dun paxaro ou o rumor dunha aza invisíbel que nos rozara misteriosamente, enchendo ao noso ser dun estrano estremecemento. Chegamos así aos lindes da inefabilidade: alí onde a poesía se fai luz e sombra na nosa intimidade máis escusada e que ningunha palabra pode traducir.

*Maldan behera* sempre nos inqueda. Leemolo e releemolo muitas veces e nunca lle poidemos ollar o fondo, tan abismal e misterioso é. De cada nova lectura tiramos novas conclusións. Este prodixoso e longo poema é por outra a epopeia do povo vasco, cantada puntualmente: unha historia de dór e amor, con máis derrotas que victorias. Sostendo todo o poema, como as vigas mestras do edilicio, ou as columnas do templo, Xohán e María=o home e a muller=Gabriel Aresti e Amelia Esteban=Dante e Beatriz, en definitiva: o amor que é o único que nos redime da morte. A única eternidade a que os humanos podemos aspirar.

A poesía de Gabriel Aresti, despois de *Maldan behera*, que ao noso entender acada unha cume e pecha un ciclo mais non o clausura, é unha preparación, unha transición (—referímonos a *Zuzenbide debekatua*, *Zoo puntu*, *Euskal trajedia*, *Euskal komedia*, *Mailu batekin*—) cara ao ciclo das pedras que se enceta con *Harri eta herri*, segue con *Euskal harria*, *Harrizko herri hau* e péchase con *Azken harria*.

Ibon Sarasola, na sua coñocida *Historia social da literatura vasca*, explica a importancia do libro que abre o ciclo arestiano da pedra:

“...*Harri eta herri* consiguió lo que ningún otro libro vasco, ser leído. Para entender este éxito, es necesario tener en cuenta los elementos revolucionarios presentes en el libro. En primer lugar la renovación temática. Con la obra de Aresti el País Vasco alcanza su dimensión completa por primera vez en la historia de su literatura. El hombre de los poemas de Aresti va a Leona en tranvía, lanza maldiciones mientras descarga un barco alemán atracado en Zorrotza, viaja por Guipúzcoa a la manera como lo hace un comisionista y el paisaje natural de su poesía es el ciudadano, en ese escenario es donde se mueve con libertad, sin eso non se entiende la poesía de Aresti. Segundo, al vincularse a la tradición literaria que se interrumpió en 1900, Aresti pone en evidencia la falsedad de la antinomia purismo-vulgarismo y establece los cimientos de una auténtica literatura popular. Tercero, con el cultivo del tipo de poesía que se ha denominado *social*, actualiza la literatura vasca en estilo y contenido y la coloca dentro de las corrientes literarias contemporáneas. Y cuarto, su literatura, fuertemente laica, anula la eterna identificación del *euskaldun-fededun*, liberando a las letras vascas de su orientación clerical y de sus prejuicios asfixiantes, y abriéndose a una literatura más humana y ligada con la realidad.”

Pra un non entendido en literatura vasca, como é o noso caso, os catre puntos nos que Sarasola resume a importancia de *Herri eta herri* son clarificadores e didácticos. Mais neste libro, como nos que lle seguen, hai moito máis, entre o que compre salientar as reivindicacións lingüísticas e personais, xa sinaladas por Javier Atienza. Nós, pola nosa banda, coidamos que no libro hai unha defensa de Euskadi, misturada cunha problemática localista e cosmopolita, unha sequeidade cortante na expresión e, sobor de todo, un sarcasmo que se acentuará na obra posterior. Compre suliñar que Aresti foi un verdadeiro mestre no manexo do sarcasmo e que na sua obra falta o humor e a ironía. Aresti é un poeta tremendamente serio e aínda diríamos que trágico. Como exemplo do seu sarcasmo lémbrese o poema *O meu nome*:

Cando eu morra póderase leer  
a seguinte inscrición derriba do meu sartego:  
“*Eiquí xace Gabriel Aresti Segurola. En paz descanse.*  
*Pérez e López. Marmolistas. Derio.*”  
Haberá tamén na Biblioteca Provincial de Vizcaya  
(se non me escomulgan antes)  
un libro (cecáis, non é seguro)  
que ninguén leerá  
co meu nome.  
E un home dirá cando florezan os cardos:  
“*Como decía meu pai, eu tamén...*”  
(Virá todos os anos unha muller por Santos  
cunha coroa de flores.)  
Non queira Deus que lle poñan o meu nome a unha rua  
de Bilbao.  
(Non quero que un barbeiro bébedo poida dicir:  
“*Eu vivo en Aresti coa cuñada*  
*vella de meu irmau. Xa sabes. Coa coxa.*”)  
As veces os vellos decires trabúcanse.  
Penso que o meu nome  
é o meu ser  
e que non son  
senón o nome meu.

O senso relixoso, ateigado de cristianismo —non de clericalismo— pasa polas páxinas do libro, coa forza dun lóstrego poderoso:

Un día  
acabáranse os mundos.  
sí.  
Seino.  
E o Señor dos Ceos  
no Val de Josafat  
xuzgaranos a todos.  
Entón  
os últimos  
serán os primeiros  
e a súa dereita  
sentarémonos  
os de esquerdas.

Téñense sinalado as pegadas de T.S. Elliot e de Blas de Otero, entre outros, na poesía de Aresti. Nós insistimos na importante influencia que recebeu da Biblia. Sabemos, asimesmo, que era un lector apaixonado de Paul Eluard e dos galegos Curros Enríquez e Rosalía Castro. Por Curros cóstanos que tiña unha verdadeira adoración.

Esternamente hai unha enorme semellanza —coidamos máis de forma que de fondo— entre a poesía de Blas de Otero e a do seu amigo e compadre Gabriel Aresti. Gustaríanos profundar no tema, si estiveramos capacitados pra facelo; é unha esculca tentadora que pode dar resultados positivos. O xeito de adelgazar o poema, no que un verso é con frecuencia unha soia palabra que queda, nua e desamparada, tintineando como o son dun vidro de calidade ou meneada como unha folla solitaria pola brisa, ou mesmo castigada e encollida pola xeadá, é un procedemento común aos dous poetas. Isto non quere dicir máis que esto: que lles é común. Nada máis. Percurando antecedentes inmediatos a este procedemento estilístico, en ocasións de enorme eficacia espresiva, atopámoslos nos versos de León Felipe, nas *Odas* de Pablo Neruda, no poeta francés Jacques Prévet, mestres nestas combinacións. Un antecedente máis lonxano sería o do trovador provenzal Cerverí, autor dunha canción composta en estrofas de versos de unha soia sílaba, alternados con outra estrofa en versos de dúas sílabas.

Nos estudos que coñecemos sobor da obra de Aresti —que non son moitos— non atopamos nengunha referencia a posibel asimilación, por parte do poeta vasco, do xeito profético de Wiliam Blake, que evidentemente existe na obra da súa primeira época. Nen tampouco das suas concomitancias coa poética de Hölderlin. A misión do poeta como instrumento de comunicación entre *os immortais e os mortais*, é dicir, entre os *deuses e os homes*, o que lle confire ao poeta unha categoría sacerdotal, pasa como unha sombra enflaquecida pola obra de Aresti. En Aresti a misión do poeta —que indudablemente reconece— esta totalmente desacralizada. En Aresti non hai deuses e si os hai están totalmente humanizados. E o poeta, na concepción arestiana, non sería máis pro tampouco menos, que unha ponte de comunicación entre os homes.

Queremos salienta, dun xeito especial, un poema modélico de Aresti, que é un canto de amor desesperado ao seu país. Trátase dunha peza perfecta na que a tensión interior, a paixón inevitabel, a forzosidade, teñen a súa

cabida na palabra xusta e insustituíbel. É deses rarísimos poemas nos que non sobra nen falta nada e que, co paso do tempo, non perden a súa inmarcesíbel beleza nen a súa insuperábel perfeición. Un dos poucos poemas verdadeiros, deses logros solprendentes, que acompañan a ún pra toda a vida e que mesmo transcenden do seu valor poético pra facerse norma de conducta:

Defenderei  
 a casa do meu pai.  
 Contra os lobos,  
 contra a sequía,  
 contra a usura,  
 contra a xusticia  
 defenderei  
 a casa  
 do meu pai.  
 Perderei  
 os gandos,  
 os hartos,  
 os piñeiráis;  
 perderei  
 os intereses,  
 as rentas,  
 os dividendos  
 pro defenderei a casa do meu pai.  
 Quitáranme as armas  
 e coas maus defenderei  
 a casa do meu pai;  
 cortaranme as maus  
 e cos brazos defenderei  
 a casa do meu pai:  
 deixáranme  
 sen brazos,  
 sen hombreiros  
 e sen peitos  
 e coa alma defenderei  
 a casa do meu pai.  
 Morrerei,  
 perdérase a miña alma,  
 perdérase a miña prole  
 pro a casa do meu pai  
 seguirá  
 de pé.

Deste extraordinario poema chama a atención a primeira afirmación chea de suxerencias, que nos lembra, por outra banda, a linguaxe evanxélica:

*Casa do Pai:*  
 Defenderei  
 a casa do meu pai.

O poder de evocación destes dous versos lévanos a cavilar inesorabelmente na nosa propia patria e nos nosos devanceiros, alicerces do noso *estar no mundo*, que é o *noxo xeito de ser e estar no mundo*: a nosa esencialidade, pois non ternos outra. E compre defendela contra toda a ruindade e opresión,

representadas pola crueldade e a intolerancia=os lobos e as calamidades naturais=usura, xusticia, que compre entender como inxusticia e os males sobrenaturais, espresados con conceptos abstratos=sequía. Volta a afirmarse, repetitivamente, a imaxe da *casa do pai* e da súa defensa, aínda que se perdan todos os teres e haberes. A idea de *CASA DO PAZ* segue nun clima in crescendo. E tamén o da súa defensa, aínda que esnaquicen o noso propio carpo, membro a membro. A idea da defensa da *casa do pai* segue, teimuda, metida xa en nós de xeito total. O home remata morrendo, perdendo o que ten de máis valor: a propia alma, aquilo que o singulariza e o transcende, perdendo incluso a súa descendencia, é dicir: a única posibilidade que ten de supervivencia. Mais a *casa do pai* sálvase. E nós tamén nos salvamos con ela. Pró poeta non hai outra salvación.

Na defensa da *casa do pai* escribeu Aresti outros poemas, dos que destaca un fermosísimo, cheo de carraxe e no que asoma tamén a súa vea sarcástica:

A voz non dice nada, soio chilla.  
É ò povo de Uribe empobrecido,  
eiquí e aló nacido.  
Mais aló de portais olla prá vila.

Desfarrapada Miravilla,  
Deusto adormecido,  
Neguri embrutecido.  
Esto xa non é Vasconia; xa é Castela.

Triste Babel de língoa confundido,  
verxel fundido,  
xa esterqueira.

Por estes vascos case novos,  
sen *fueros* e sen ovos  
non sabe, a voz, falar.

Todo o *ciclo da pedra*, según varios intérpretes, ten na obra de Aresti un significado preciso: pedra=povo vasco. A base deste simbolismo fundaméntase, ao parecer, en estudos etnográficos e na escultura de Oteiza, mui presente xa dende o comenzo do ciclo en *Harri eta herri*, onde se dá, ao noso xuicio, unha identificación pedra=poesía=escultor=poeta=Oteiza=Aresti:

Eu non sei  
se debo defender a Xurxo de Oteiza  
ou  
é Xurxo de Oteiza quen me debe defender a mín  
pois non me dixeron  
quen dos dous  
é máis  
orfo.  
Verdade é que eu non comprendo  
a escultura de Oteiza  
pro eu son un home sen cultura  
e non é de estranar.  
Mais Xurxo de Oteiza comprenderá a miña poesía  
sen dúbida ningunha

porque cousa máis doada non ten saído  
da mau  
do home.

O símbolo da pedra e o da arbre están mui presentes na obra de Aresti. Ao longo dela atopamos bastantes referencias a Arbre de Guernica e a identificación arbre=pedra:

Tí,  
arbre,  
pedra vasca.

O símbolo da arbre é mui antergo na cultura humana. Abonde lembrar a arbre do paradiso, ou a arbre da vida. O mesmo símbolo da arbre utilizouno Celso Emilio Ferreiro, ademáis de noutros poemas, no *Limiar* do seu *Viaxe ao país dos ananos*:

Arbre antiga, Galiza,  
fendérona as machadas.  
Unha ponla no mundo,  
outra ponla na casa.  
A ponla de alén mar  
é soio unha metáfora.

É curioso sinalar que en Salvador Espriu a arbre ten outro significado. Leendo ao grande poeta catalán, hai xa muitos anos, atopamos unha imaxe que nos chamou poderosamente a atención: as cinco arbres”, a “paz do xardín das cinco arbres”. A nosa cabeciña non paraba de matinar na procura do significado destas imaxes. Nunha das inesquencibeis conversas que tivemos con Espriu, sacámoslle este tema que, pra nós, era unha teima. A resposta que nos deu Espriu non puido ser máis clara nen máis lóxica. A súa familia tiña unha casa en Areyns del Mar —a Sinera dos seus versos— rodedada dun xardín no que hai cinco arbres. As cinco arbres dos seus poemas eran, xustamente, as cinco arbres do seu xardín. Estas cinco arbres significaban, pró poeta, a tranquilidade, a paz, a intimidade do lar. Eso era todo. Todo pra Espriu. Prós seus lectores posibelmente que fora muito máis: un mundo de ilimitadas suxerencias. Estas “ilimitadas suxerencias” son a gran milagre da palabra poética.

Na poesía arestiana ten unha enorme presenza o mundo familiar: os seus antergos, a súa muller e as suas fillas. A visión que nos dá dos seus devanceiros é arrepiante. Trátase de versos fundamente antirrazistas e tremendamente desmitificadores. De dolorosas e patéticas confesiós. A súa lectura arreguízanos. Ollemos o poema *Os tres arcanxos*:

Esta mañá dos tres Arcanxos  
rezáronse os responsos  
por  
Lucía Aresti.  
Con esto rematou  
unha xeración-ponte  
pois xa fai ceritos  
de anos  
que maldixeron  
ao primeiro  
Aresti.



Por eso aparteí aquel  
 anatema  
 e  
 leveino  
 por todos os currunchos  
 de Euskadi  
 como unha pesada  
 cruz.  
 Tí,  
 Nerea,  
 téñote á miña veira,  
 non recibades vós  
 esta  
 condena.  
 Que  
 remate  
 en mín.

Estes versos lémbrrannos as fatalidades das maldiciós bíblicas. O sentimento de culpabilidade que asume o poeta, o clima de desolación e morte que traspasa a totalidade dos versos, é tremendo. E a resiñación, sobria e patética, do remate impón e espanta.

Non menos arrepiante e apocalíptica é a composición *A semente do vasco*, na que non sabemos como a palabra humana pode soportar tanta desventura e tanta desgracia. Poucos poemas —por non decir ningún— coñecemos que sexan unha confesión e, ao mesmo tempo, un laio tan desesperados. Os primeiros versos dicen que a semente humana precisou estar dez mil anos debaixo da terra e que, sobor da terra, leva dous mil anos contaxiada e doente. Doenza e contaxio que prendeu especialmente na fleve semente dos vascos e que foi:

A que carrexou  
 tanta vítima inocente  
 no linaxe dos Aresti:  
 as aboas infeitadas,  
 as tías tolas,  
 os irmaus impotentes,  
 as desgraciadas tillas...  
 Todo é vigor, forte  
 vitalidade,  
 nada senón  
 O martelo  
 que nos peta por dentro...  
 ¡o terror  
 do terror  
 deste  
 arrepiante tanto por cento  
 que me aterra!  
 ¡Os cromosomas doentes,  
 os xermes fétidos,  
 a semente podre,  
 o sangue contaminado!  
 ¡Qué sexa maldita

esta negatividade universal  
e os insensatos  
tolos  
que queren  
sublimala!

Nestes versos hai achádegos espresivos extraordinarios. Así a imaxe do *martelo que nos peta por dentro* é tan gráfica que mesmo sentimos os seus golpes dentro de nós. Ou *o terror do terror que nos aterra*. A repetición onomatopeica de *t* e da *r* acadan, polo menos en língoa románica, unha espresividade formidabel. Estes sinificativos poemas da *semente vasca e da dos Aresti* son, sen dúbida, unha clave fundamental pra comprender os poemas adicados a Meli, que son outra cousa: versos transidos de amor, de paixón, de beleza, de luz, pro tamén mui reais e que contrastan cos anteriores.

Meli aparece mui axiña na poesía de Aresti. Xa está presente nos primeiros libros, aínda que non se explicita o seu nome, a súa indudabel presenza é doada de adiviñar.

Dende a adicatoria do libro *Euskal harria* a Meli, *muller de España* deica a Meli, *figo melado* que se repite en moitos poemas, hai todo un mundo de amor e paixón e de vida de acotío. Meli é, nada menos que o *sostén da casa do seu pai* = Euskadi, o que nos leva a cavilar que Meli é o esencial na vida e na obra de Gabriel Aresti. E ún volta a asociar de novo a Meli de Aresti coa Beatriz do Dante. En toda a historia da poesía, Beatriz é, sen dúbida, a muller que serviu de fundamento pra erguer a simboloxía máis rica e atrainte, que transcende incluso a propia condición humana. As amadas do resto dos poetas son outra cousa. Pese a súa sublimación —mesmo a Laura do Petrarca ou a Princesa de Trípoli, de Jaufre Rudel— endexamáis deixan de ser fráxiles e fermosísimas criaturas, unha realidade ensoñada da que a muller queda bastante lonxe.

En toda a complexa problemática vasca que Aresti sufriu, con todo o seu rigor e fondura —e que endexamáis eludiu— maiormente en algo tan esencial como é o idioma, tamén está involucrada Meli:

(Como te quero,  
Meli,  
debo  
cometer  
o meirande pecado do mundo,  
debo  
dar  
unha coitelada  
a gramática.)  
Unión  
de todas  
as miñas tendencias...  
meli...  
meli...  
Melichu de Basurto,  
figo melado.  
Débote  
amar  
en vasco puro...

Do poema *Caéndome e érguendome* son estes fermosísimos versos, nos que Meli é o máximo. A confesión do poeta, no medio de tanta dúbida e desorientación, non poder ser máis esperanzada nen máis exclusiva. Os versos que irnos transcreber —que son o corazón do poema— por si soios forman unha composición perfecta. Pro noso gusto o resto do poema sobra:

“Melichu de Basurto,  
figo melado”  
a miña  
GRAN  
GRAN  
pregunta.  
Fale eu  
de tú.  
Sen tí,  
¿a qué chegaría?  
“Enriba por néboa do fondo..”  
Meu único asideiro.

Ao par de Meli é mui importante, na poesía arestiana, a presenza das fillas, *froito do desexo e do amor*. Un destino humano cabal e cumprido:

Teño duas fillas  
e as que coa axuda da paixón,  
coa axuda do desexo,  
coa axuda do amor  
me chegarán.

O amor paternal do poeta —sen home non hai poeta— transforma ao mundo e faino máis claro, fermoso e transparente e dalle unha dimensión máis gozosa a vida. O amor das fillas confúndese co amor da terra=nai:

Eu non sei, pois, que quero máis  
se a nosa terra  
ou  
as miñas tillas.  
Elas son pra mín  
o sal da terra,  
o perfume do mar  
e a música do aire.  
O canto do reiseñor é feo  
comparado con elas.  
Se vou coas miñas fillas  
o viño branco é máis espirituoso,  
máis sabroso o mexilón  
e  
máis aromática a folla de Virxinia.  
A luz  
é máis clara,  
O aire máis  
morno,  
as ondas máis  
belidas.

No poema *Espello de Oriente* afirma, de xeito tallante, sinxelo cheo de seguridade e mesmo de fachenda humilde, que é dono dun nome, dunha casa, dunha esposa, dunhas fillas e dunhos libros. Só lle falta plantar unha arbore. Este mundo familiar, tan sentidamente cantado, é a felicidade que contrapón a inxusticia, fealdade e frustración que o afoga. Formidables son os sonetos adicados a súa primeira filla, Nerea, pertencentes ao libro *Euskal harria*. Neles canta a propia paternidade e a esperanza no futuro; a enorme fe en Nerea:

Non te prostituirás, Nerea, noble,  
tilla do trono, tí, do raio puro.

Así nomea á filla:

Miña viga. Tí, meu sable. Tí, meu Carballo.  
Mais eu teu espello. Eu teu pai escuro.

Nótese que en euskera *aresti* siñifica *Carballo* o que é importante pra penetrar na expresión: “Tí, meu Carballo”. As espresións: “viga, sable, Carballo” que son Nerea, é dicir: *sostén, defensa, forteza e beleza*, mentras que o pai é “espello”=pasividade que remata por facerse escuridade: “Eu teu pai escuro”. O fleve é o poeta. A forteza, a meniña Nerea.

Mais non todo é ventura e felicidade. A desgracia pasa polo lar do poeta. Desgracia que soporta estoicamente pro que non aceita de ningún xeito. Referímonos a elexía adicada a *Nena-Escura Aresti*, nacida sen cráneo. O drama é arrepiante. Como o son os versos nos que o poeta-pai ou o pai-poeta, se se prefere, fai manantial do seu peito; da súa palabra, regueiro; da súa dór, río. Pra rematar pedíndolle a Meli, a compañeira na ledicia e no infortunio:

E tí,  
muller,  
sé mar  
pra receber  
esta dór.

Entendemos que en poucos poetas a presenza familiar é tan completa e fonda como na obra de Aresti. O tema merecería un estudo muito máis permenorizado, no que cumpriría suliñar a concencia do propio Aresti de que non era Fidel a ortodosia vasca ao casar cunha muller pertencente a outra etnia distinta:

A este povo  
eu, este,  
dinlle  
todo (o que son)  
e  
se algo lle neguei,  
a miña semente  
(que tiven que sementar)  
nun suco castelán.)

OS TRES grandes poetas representivos das tres nacións sen estado da península, na posguerra, Gabriel Aresti por Euskadi, Salvador Espriu por Cataluña e Celso Emilio Ferreiro por Galiza, pese a singularidade de cada ún,

teñen rasgos comús, como son a defensa das suas naciós respeitivas, o seu progresismo, a renovación temática nas suas áreas lingüísticas e o tema de España. Pra Aresti, a súa compañeira Meli é a “muller de España” e ao mesmo tempo o “O sostén da casa do seu psi”, conceición que semella contraditoria e que nos deu muito que cavilar, sen que poidéramos atopar unha explicación que nos satisfacera. Cecáis se. retira, sinxelamente, ao orixe castelán-leonés de Meli, sen máis. Aínda que ésta nos parece unha interpretación simple e probe. En Salvador Espriu o tema é muito máis amplo e complexo. Sepharad, na súa obra, é España. Hai, no poeta catalán, innumera-beis alusións a Sepharad e mesmo un libro enteiro —*La pell de brau*— adicado a esta custión. Nun dos poemas de Espriu hai implícita unha declaración de amor a España:

Diversos son os homes e diversas as falas  
e conviñeron muitos nomes nun soio amor.

Está ben claro: o amor é único. O que son diferentes son os homes e as falas. Ou aínda máis: as falas e os homes son diversos, máis o amor segue a ser único:

Diversas son as falas e diversos os homes  
e conviñeron muchos nomes nun soio amor.

En Celso Emilio Ferreiro as Españas aparecen no remate do poema *Deitado frente ao mar...*, poema que é unha defensa e louvanza do idioma galego e no que aparece este verso:

Galicia, doce mágoa das Españas...

O concepto das Españas no poeta galego espresa a subordinación triste de Galiza. Galiza é das Españas. En Espriu o concepto agrandase e refírese aos homes e ao amor. En Aresti dase a indentificación muller=España.

Outra careiterística común nestes poetas é o da súa vea satírica, mui acusada nos tres. Juan San Martín suliña a faceta satírica de Aresti e chega a comparala coa de Quevedo.

O talento satírico de Aresti é grande e nél subxace un ton de maldicer que, en ocasións, case roza ao insulto. Trátase dunha sátira máis que crudel, brutal. Dá impresión de que o poeta cumpre cun deber imperativo mais que o fai sen resentimento nen odio. Dígase o que se queira o poeta ten dereito a espresar tamén o seu odio. Ao facer esta afirmación cavilamos no Dante, que meteu aos seus enemigos políticos no inferno e en muitos poemas do *Canto General* ou da *Tercera Residencia* —que pra nós é o inferno— de Pablo Neruda. Entre os poemas satíricos de Aresti, chamounos poderosamente a atención e ternos unha grande curiosidade por penetrar no significado do titulado *Coplas novas adicadas aos collós de Beasco polo poeta puta galiciano*. As nosas interrogantes son: ¿quén é Beasco? ¿Por qué Aresti se chama a si mesmo *poeta puta galiciano*? ¿Cavilaría, ao escribir estes versos, no Cancioeiro de Escarño e Maldicer que, sen dúbida, conocía? O que sacamos en limpo do poema é que Beasco resulta ser un médico cornudo. Ten muita gracia o apelido que lle inventa ao personaxe: Beasco Guindillas, que supoñemos é un xeito de nomear, despeitivamente, as partes pudentas de Beasco. Segue o poema:

Son os de Beasco  
collós sen pelo  
tan pelados como  
ovos perdigueiros.

E máis adiante:

Ese mediquiño  
pastor se reputa:  
leva entre as suas pernas  
fe de filloputa.

Se semella un touro  
non será por ovos,  
senón porque ten  
redondos os cornos.

Tamén o boi ten  
fermosos pitós,  
pero fáltalle algo  
pois non ten collós.

É de salientar a matización que poeta fai entre *touro e boi*.

O poema *Aición de grazias*, tíduo que parodia certas oracións, salmos e cánticos relixiosos, está cheo de contida rabia, espresada cun sarcasmo sobrio e eficaz:

Debo darche  
muitas grazias,  
Povo meu,  
Povo  
Vasco  
do meu corazón,  
por esta  
preciada recompensa  
que me ofreciche  
en pago  
de todos os meus esforzos,  
(tanta dór, sudor,  
preocupación,  
xaqueca,  
liorta,  
desacougo  
por esta  
fermosa  
almorrana  
que me fode o cú).

A invocación “povo meu”, a disposición dos versos “povo” e no verso seguinte “vasco”, ambas palabras en maiúsculas e logo a seguir “do meu corazón”, termos pra entender ao revés, dándolle o sentido contrario do que espresan, lévannos a un remate solprendente que reventa, diante dos nosos asombrados ollos, como unha traca de sete estalos.

O mundo do traballo é unha constante da obra arestiana. Trátase dun traballo brutal e mesmo inhumano que provoca a desesperación e a impotencia nos operarios. É o reino da explotación e da inxusticia:

O barco alemán atracou en Zorroza.  
 Trae cemento en sacos de cen kilos.  
 Mentras tanto  
 estaban Antonio e Guillermo  
 coa serra  
 tronzando unha arbre.  
 Con tordas.  
 Non hai cables.  
 Tira que tira.  
 Antonio agora,  
 despois Guillermo.  
 Eiquí en castelán  
 e alí en vascongado.  
 Xuraban.  
 Porque a inxusticia non é políglota  
 e o mesmo  
 trata  
 ao castelán  
 que ao vascongado.

Neste relato, tan dereito e realista, está espresado o mundo do traballo urbano —a descarga de sacos de cemento de cen kilos— e o traballo rural: o tronzamento da arbre. Tanto nun caso como no outro queda patente a ausencia de medios teínicos e o esforzo brutal —case animal— feito polos homes, tanto polos emigrantes como polos nativos. A poesía de Aresti é mui sensible a explotación do home polo home, que él mesmo sufriu. Por eso a súa voz se ergue carraxenta contra a inxusticia, mesmo chegando ao insulto. Neste sentido resulta exemplar o poema *Eterna maldición*:

A vós  
 universitarios  
 vascos de Barcelona  
 dígovos en verdade  
 que, se algún de entre vós,  
 explota  
 de eiquí a dez ou tres anos  
 ao seu irmau  
 obreiro  
 ou contador  
 ese,  
 ese  
 de entre vós  
 será provisto  
 da miña máis rotunda maldición  
 por sempre endexamáis  
 como  
 o máis fillo  
 dos fillos  
 de puta  
 deste mundo.

Ainda hai máis. Noutro poema remacha:

Eu son quen  
 dixo:

Neste mundo en que vivemos,  
 nesta sociedade  
 a xusticia  
 está  
 prohibida.  
 Que Deus non queira  
 que prohiban  
 o viño  
 e o queixo,  
 que prohiban  
 a auga  
 e o pan...

Resulta apaixonante seguir, ao longo e o ancho da obra de Aresti, o seu interés, o seu esforzo e o seu sacrificio na loita pola recuperación e a permanencia do euskera. Nesta complexa, difícil e dolorosa problemática do idioma é importantísimo o conflito lingüístico, dobremente agravado en Euskadi, pra cuió caso particular compre ter en conta a dificultade do propio idioma por unha banda e pola outra a cantidade de emigrantes que recibiu o país, de fala castelán e, en moitas ocasións, hostís ao euskera. Esta problemática acadou caracteres verdadeiramente trágicos nos primeiros anos da posguerra, porque Euskadi foi vencida e, polo tanto, ofendida e humillada. O réxime franquista era enemigo mortal deso que eufemisticamente denominaron “minorías étnicas” ou “particularidades rexionales” pra enmascarar o problema nacional. O medo do franquismo ao chamado separatismo vasco —e non só ao vasco— que o levou a dictar leises específicas contra o euskera, o catalán e o galego como a Orden Ministerial do 18 de maio de 1938, publicada no *Boletín Oficial do Estado* do día 21, que é unha verdadeira “perla”:

“...Debe señalarse también como origen de anomalías la morbosa exacerbación en algunas provincias del sentimiento regionalista que llevó a determinados Registros buen número de nombres que no solamente están expresados en idioma distinto al oficial castellano sino que entrañan una significación contraria a la unidad de la Patria...

La España de Franco no puede tolerar agresiones contra la unidad de su idioma, ni la intromisión de nombres que pugnan con su nueva constitución política...”

Estas causas e outras de tipo coactivo, cando non represivo, levaron a moitos vascos a abandonar o seu propio idioma, como foi o caso da propia familia de Gabriel Aresti. Mais o poeta:

Collín, de neno,  
 a teima do euskera.  
 .....  
 Estiven longas horas  
 sobor dos libros vascos,  
 estudando a nosa língoa  
 e a nosa cultura...

Despois de moitas dúbidas e vacilacións, detiniuse e defendeu un euskera o máis claro posíbel. A época das súas dúbidas e loitas queda confesada nestes versos:



O outro día  
 dixo  
 de mín  
 un bo amigo meu  
 que se non sei  
 O que quero,  
 sí polo menos  
 sei o que  
 non quero.  
 É verdade.

Os anteriores versos pertencen ao poema Vascuence *claro*. Noutros poemas insiste no mesmo:

Falernos agora  
 un vascuence claro.

No aprendizaxe do idioma propio, Gabriel Aresti puxo muito amor. E tivo sempre unha grande comprensión prós castelás falantes da súa terra, comezando pola propia Meli:

Os teus pais naceron no vello  
 reino de León  
 e non aprendiche  
 vascuence na tua infancia...

Javier Atienza explica como o drama de Aresti o segue mesmo despois da morte:

“Lapidado, porque, después de muerto, fueron incluso boicoteadas buen número de actuaciones del grupo ‘Oskorri’, de filiación o simpatía comunista, que había preparado un homenaje a Gabriel Aresti, ya editado en un disco de larga duración y una cinta de 90 minutos. Lapidado, porque un buen sector no pudo soportar su acceso a la Academia Vasca; el mismo sector que antes, indudablemente, le dijera: ‘Muchacho: podemos perdonarte que te hayas casado con una mujer castellana porque ella no está mal.’ ”

Este feito increíble contounolo e comentounolo o propio Aresti, entre cabreado e irónico.

A conceición que Aresti tiña do euskera está espresada no poema *Amar-ga: Dulce: Salada*. O poeta imaxina ao euskera, nos tempos pasados, como un pozo fondo e escuro que, a duras penas, daba auga amarga; no presente o euskera é un río súpeto e pobre que dá auga doce. Pró futuro, gracias ao esforzo do propio Aresti e da súa xeración, o euskera será un mar, ancho e azul, de abundante auga salgada.

E curioso que Aresti asocie ao euskera coa auga, símbolo de pureza. Díceo dun xeito que non deixa lugar a dúbidas: “O vascuente é como a auga”. Todo o ritual da auga —elemento esencial pra vida— e toda a súa simboloxía podéselle aplicar tamén, con toda propiedade, ao idioma. Finalmente, na derradeira etapa da súa vida, Aresti, retornando o xeito simbólico da súa época, volta a adicarlle un novo poema ao euskera. Titúlase *A aguia da selva*. Neste caso o idioma é unha selva pola que andan voando o melro, a anduriña, o reiseñor e o cuco, símbolos dos escritores vascos. A simboloxía das aves

éralle mui querida aos poetas e escritores do barroco. O propio Aresti é a aguia. O seu destino está ben claro:

Eu,  
esta aguia,  
desterrado meu povo,  
a única  
ave  
que coñece a selva e as arbres.

Aresti apostou a fondo e deica as derradeiras consecuencias, a favor da supervivencia do euskera. Chega a dicir:

Se se perdera o vascuence  
polo romance  
que me perda eu con él,  
nai,  
e pra sempre.

Gabriel Aresti era un poeta eminentemente urbano. Non sei se nos trabucamos muito se afirmamos que foi o poeta de Bilbao. A súa xeografía poética é bastante limitada, pese a que os topónimos nos seus versos son bastante abundantes. De todos xeitos a súa “terra poética” redúcese practicamente a Vizcaya. En varios poemas afirma a súa condición de bilbaino. Nun deles esplica, ademáis, a súa romanización:

sí,  
nacín  
neste povo románico de Bilbao  
e se  
a miña educación  
foi románica,  
¿por qué non hei cantar  
en romance  
unha parábola  
se incluso o mesmo  
gobierno de Euzkadi  
falou así?  
¿Por qué non hei de ser eu  
máis maldito  
que él?

Logo de denunciar o castelanismo —a castelanización— de Bilbao noutros poemas, asume figuras de escritores nados en Bilbao como Unamuno ou Blas de Otero e ao mesmo Gabriel Celaya, que é guipuzcoano. Bilbao non lle gusta e laiase polo que perdeu a cidade, tal como *os fueros*. Entre as novidades bilbainas sinala a Ponte Seca de Recaldeberri e o Bilbao Athletic, filial do histórico Atlético de Bilbao. A visión que dá de Bilbao é negativa e triste:

Ruas de Bilbao,  
enriba e embaixo  
da ría ao monte,  
algunhas reitas,  
as máis tortas,  
a terra cubriuse

de casas e de homes,  
de máquinas  
pra levar  
aos homes de un sitio a outro,  
de vicios e pecados,  
de caridades e de crimes,  
plazas redondas,  
alamedas anchas.

Nas descrições de Bilbao e os seus arredores é unha constante a crítica severa. Unicamente se salva o Gorbea, símbolo de pureza e de liberdade. En ocasións mesmo chega a situacións-límite:

Canto  
dende Bilbao  
e o meu canto,  
polo tanto,  
é vil.

Ou aínda:

Os piollos de Bilbao  
estendéronse  
a toda Vasconia.

E, se seguimos coa esculca, atopamos en Bilbao “tanta podredume”, “tanto repugnante vicio”, “sudor mercado tan barato”, “pranto e fame”. ¿Pra qué seguir?

A poesía urbana de Aresti queda nun “nomear”, nun inventario, na pura denuncia dun espazo desagradable no que transcurre a vida humana. Non fai do *feo urbano* unha estética requintada como é o caso de Baudelaire. Bilbao, en definitiva, é:

unha cidade  
erguida e ensanchada  
contra un povo.

Se leemos con atención a obra de Aresti, de cando en vez, aparece a emoción e fermosura dunha paisaxe, o milagre do canto dun paxaro ou mesmo:

na esterqueira de Bilbao  
atopei  
unha flor.

O Cantábrico é, nos seus versos, símbolo de masculinidade, incontibel e poderoso, forte como a pedra vasca.

Hai un poema de Aresti que nos traí á lembranza outro de Rosalía, da que o poeta vasco era un leitor fervoroso. Veleiquí o poema rosaliano, titulado *De balde...*

Cando me poñan o hábito  
se é que o levo;  
cando me metan na caixa  
se é que a teño;  
cando responso me canten,

si hai con que pagarlle ós cregós,  
 e cando dentro da cova...  
 ¡Qué inda me leve San Pedro  
 se só ó pensalo non río  
 con unha risa dos deños!  
 ¡Qué enterrar, han de enterrarme  
 aunque non lles dén diñeiro!

O tíduo do poema de Aresti, por sí só, abrangue perfectamente o fondo e o significado dos versos de Rosalía: *O heme, por ter estado no útero materno, ten dereito a unha tumba*. O que nos versos rosalianos é dúbida e retranca, nos de Aresti convértese en afirmación rotunda:

Enterráranme  
 nesta terra.  
 Na eirexa non abrirán  
 as portas.  
 As campanas non chamarán  
 á miña creación.  
 Os cregos non cantarán  
 os meus oficios...

Rosalía ten a seguridade de que a enterrarán, sen máis. Ahí remata todo pois ela non dá outra explicación. Aresti ten a mesma certeza. Pra él a morte é case motivo de satisfacción, xa que ao único que aspira é a confundirse coa terra, ser chao e torrón vasco. Este matiz fundamental é o que diferencia esencialmente a aitude dos dous poetas e o significado de ambos poemas:

Mais aínda así e con todo  
 enterráranme  
 nesta terra.  
 Os homes  
 non me negarán este honor.

A OBRA POETICA de Gabriel Aresti, según a nosa idea, pode considerarse en dous grandes planos, a saber:

a) Plano simbólico e fantástico, de grande riqueza creativa que culmina no poema *Maldan behera*.

b) Plano que podemos chamar popular. Non nos gusta empregar as palabras *realismo*, *poesía social* ou *comprometida* debido a que toda poesía *real* en canto ten unha existencia, toda poesía ten unhas lectores —máis ou menos, menos ou máis— e de ahí a súa función social e, por remate, toda poesía ten un *compromiso* co ser humano e co mundo. A culminación desta etapa é o *ciclo da pedra*.

Dentro deste esquema tan xenérico, elemental e insuficiente caben unha chea de matices. Toda a obra arestiana forma unha unidade. Non se pode falar dun Aresti escuro e dun Aresti claro como, perante muitísimos anos, se fixo con Góngora. Cecáis que, no caso Aresti, o que foi ensoño, revelación, tremor, paixón, ilusión e xenerosidade na súa xuventude, que lle veu dado dun xeito informe e escuro, co paso do tempo, coa experiencia adquirida e co desgaste que produce o viver, provocou, nél, a evolución cara unhas formas máis simples e sinxelas, deixando no camiño lastres culturalistas, limpando a palabra de esteticismos e achegándose a fala e ao espírito popular. O povo é

quen crea a fala. Sen fala non hai poesía posibel. Esto Gabriel Aresti sabiao mui ben.

O esforzo que fixo Gabriel Aresti pra achegarse as fontes do idioma, por percurar a entraña e o sagredo milagreiro do nacemento da palabra, tivo que ser enorme. Un bó exercicio pra percurar esa revelación foi o cultivo que él mesmo fixo do arte dos bersolaris, tan achegados as raigañas e portadores dunha sabiduría e dunha esperencia poética e idiomática que se perde no tempo. Saber distinguir as voces dos ecos, que decía Antonio Machado, é mui difícil. Aresti sabía que a autenticidade da sua voz iba ter ecos. Por eso advirte:

Se me plaxian  
os falsos poetas,  
a música  
non se sente,  
o lume  
non arde,  
a auga  
non molla,  
a luz  
non se olla,  
o diñeiro  
non se merca,  
o aire  
non fai vento  
e,  
nunha palabra:  
unha causa  
non  
motiva  
a sua razón.

XA PRA REMATAR compre dicer que a obra poética de Gabriel Aresti é unha das máis ricas e suxestivas do noso tempo. Pra nós resulta insólita e sorprendente, cecáis debido a que nos alcendeu unha raioliña de luz que nos permite adiviñar que a sua voz é a voz dun povo diferente, case descoñecido, dono dunha cultura mui anterga. De ahí a sua singularidade no concerto e no contraste co resto das culturas e, maiormente, coas de orixe románica, que nos son as máis próximas e coñocidas, porque a unha delas pertencemos nós. Por outra banda trátase, polo que a nós atinxe, case dunha adiviñación. Por eso, este noso traballo é algo así como se un cego de nacemento intentara explicar o que é a luz.

Que Gabriel Aresti nos comprenda e nos perdone.